



## CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

### **ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL EN DATA 26 DE NOVEMBRO DE 2015.-**

---

Na Casa do Concello da Guarda, sendo as trece horas e trinta minutos do día vinte e seis de novembro de dous mil quince, tivo lugar a sesión extraordinaria da Xunta de Goberno Local, que, convocada e presidida polo Sr. Alcalde D. Antonio Lomba Baz, contou coa asistencia dos seguintes concelleiros membros deste órgano:

- D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup>. Montserrat Magallanes Álvarez
- D. Miguel A. Español Otero
- D. Paulino Rodríguez Gonzalez
- D<sup>a</sup>. Teresa Vicente Baz
- D. Manuel Javier Crespo Gonzalez

**Asiste como Secretario Acctal. o funcionario do Concello D. José Carlos Martínez Crespo.**

Sendo a hora sinalada, o Sr. Presidente pasa a dar conta dos asuntos que conforman a orde do día, que de seguido se relacionan:

#### **1.- COMUNICACIÓN PREVIA DE OBRAS MENORES**

---

A Xunta de Goberno Local da conta das seguintes comunicacións previas de obras menores:

EXPEDIENTE: 4.707/2014. D. MANUEL THOMÁS DE CARRANZA Y FRANCO, PARA REPARACIÓN DE MURO DE CONTENCIÓN DE MAMPOSTERÍA NUNHA LONXITUDE DE 8,00 MTS. E UNHA ALTURA DE 2,00 MTS., SITUADO NA URBANIZACIÓN DE SAN TELMO DE "SAA" N<sup>o</sup>. 3-B DA PARROQUIA DE CAMPOSANCOS (S.U.P. N<sup>o</sup>. 7 DO P.X.O.U.).

EXPEDIENTE: 3.577/2015.- D. BASILIO PÉREZ PÉREZ, PARA CONSERVACIÓN E MANTENEMENTO DA FACHADA, IMPERMEABILIZACIÓN DE CAEIRO EN PETO DE CUBERTA E IMPERMEABILIZACIÓN SOBRE MURO MEDIANEIRO DO EDIFICIO SITO NA AVDA. DE FERNÁNDEZ ALBOR N<sup>o</sup>. 21, EN SOLO URBANO (ORDENANZA N<sup>o</sup>. 3 DO P.X.O.U.).

EXPEDIENTE: 4.029/2015 .- D<sup>a</sup>. BEGOÑA ENES CADILLA, PARA REPARAR A CUBERTA NUNHA SUPERFICIE DE 64,00 M<sup>2</sup>. CONSISTENTE NA RETIRADA DO MATERIAL DE CUBRICIÓN EXISTENTE POR CHAPAS DE URALITA G.O. ATORNILLADA AS VIGUETAS E POBLADO CON TELLA CURVA DO PAIS, CON REMATE DE ALEIROS, CUMIOS, PARTE DE CAEIRO E VENTÁS VELUX, DA VIVENDA UNIFAMILIAR SITA NA RÚA DE A CAL N<sup>o</sup>. 90, EN SOLO URBANO (ORDENANZA N<sup>o</sup>. 4 DO P.X.O.U.).

EXPEDIENTE: 4.122/2015. D. FRANCISCO CARRERO CARRERO, PARA REPARAR A CUBERTA NUNHA SUPERFICIE DE 70,00 M<sup>2</sup>. CONSISTENTE EN SUBSTITUIR OS ENTRAMADOS DE MADEIRA POR VIGUETAS PREFABRICADAS DE CEMENTO E COLOCACIÓN DA MESMA TELLA DO PAIS, NA VIVENDA UNIFAMILIAR SITA NA RÚA DE CARRETERA CAMPOSANCOS N<sup>o</sup>. 70, EN SOLO URBANO DE NÚCLEO RURAL DE "CAMPOSANCOS" (ORDENANZA N<sup>o</sup>. 7 DO P.X.O.U.).



## CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

EXPEDIENTE: 4.857/2015.- D. RICARDO DORADO SOBRINO, PARA REEMPLAZAR PORTAL NO BAIXO DA VIVENDA UNIFAMILIAR SITA NA RÚA DE PASEO DE PORTUGAL Nº. 115, EN SOLO NON URBANIZABLE DE NÚCLEO RURAL DE "O PASAXE" DA PARROQUIA DE CAMPOSANCOS (ORDENANZA Nº. 9 DO P.X.O.U.).

EXPEDIENTE: 5.685/2015.- D. FLORENTINO SANTOS ALONSO ÁLVAREZ, PARA REPARAR MURO DE PECHE DE PEDRA E NIVELACIÓN DE MURO CONTRA LINDEIRO NUNHA SUPERFICIE DE 6,50 M<sup>2</sup>., E COLOCACIÓN DE MALLA METÁLICA ELECTROSOLDADA NUNHA LONXITUDE DE 18,00 MTS., SITA NA RÚA DE 1º TRV. OUTEIRO-CASCALLAR, S/N. (PARCELA Nº. 17 DO POLÍGONO Nº. 33), EN SOLO URBANO DE NÚCLEO RURAL DE "CAMPOSANCOS" (ORDENANZA Nº. 9-B DO P.X.O.U.).

EXPEDIENTE: 5.761/2015.- D. EMILIO ÁLVAREZ MARTÍNEZ, PARA REPARAR A CUBERTA NUNHA SUPERFICIE DE 150,00 M<sup>2</sup>., CONSISTENTE NA RETIRADA DA TELLA EXISTENTE E CORTAR PETO PARA QUITAR CAEIRO AO EXTERIOR, REPARACIÓN E LAVADO DE URALITAS EXISTENTES, SUBSTITUIR CHAPAS TRANSPARENTES, ARREGLO DE ENCHAPADOS DE CHIMENEAS E ENCONTROS PERIMETRAIS COAS PAREDES E PINTADO DE CHAPAS DE FIBROCEMENTO CON PINTURA CLOROCAUCHO DE COR TELLA, DA EDIFICACIÓN SITA NA RÚA DE ALFONSO MARTÍNEZ PENIZA Nº. 6, EN SOLO URBANO (ORDENANZA Nº. 1 DO P.X.O.U.).

EXPEDIENTE: 5.952/2015.- D. ALEJANDRO GONZÁLEZ DURÁN, PARA APLACADO CON CHAPA DE PEDRA NUNHA SUPERFICIE DE 62,00 M<sup>2</sup>. A FACHADA DA EDIFICACIÓN SITA NA RÚA DE MALTESES Nº. 8, EN SOLO URBANO (ORDENANZA Nº. 5 DO P.X.O.U.).

EXPEDIENTE: 5.965/2015.- D. AGUSTIN GONZÁLEZ RODRÍGUEZ, PARA REPARAR O TELLADO CONSISTENTE NA RETIRADA DA TELLA, COLOCACIÓN DE CHAPAS DE FIBROCEMENTO E CUBERTA COA MESMA TELLA, DA VIVENDA UNIFAMILIAR SITA NA RÚA DE SAN CAETANO Nº. 3, EN SOLO URBANO (ORDENANZA Nº. 4 DO P.X.O.U.).

EXPEDIENTE: 7.020/2015.- D<sup>a</sup>. DOLORES RODRÍGUEZ GONZÁLEZ, PARA FORMACIÓN DE RAMPA PARA ELIMINACIÓN DE BARREIRA ARQUITECTÓNICA DE ENTRADA Ó EDIFICIO SITO NA RÚA DE CIRCUNVALACIÓN Nº. 13, EN SOLO URBANO (ORDENANZA Nº. 4 DO P.X.O.U.).

EXPEDIENTE: 5.840/2015.- D. MANUEL SOBRINO SOBRINO, PARA PECHE FRONTAL NUNHA LONXITUDE DE 8,50 MTS. REALIZADO CON LADRILLO DOBRE A PANDERETE FORRADO EN PEDRA CON COLUMNAS CADA 4 MTS. CUNHA ALTURA ÓPACA DE 0,90 MTS., SITO NA AVDA. DE BUXÁN Nº. 2, EN SOLO URBANO DE NÚCLEO RURAL DE "CIVIDÁNS" DA PARROQUIA DE SALCIDOS (ORDENANZA Nº. 7 DO P.X.O.U.).

EXPEDIENTE: 6.526/2015.- D. ANTONIO PENA ALONSO PARA COLOCACIÓN DE RECERCADOS DE XANELA EN BLANCO PERLA PULIDO DE 2 CMS. CON CANTOS VISTOS PULIDOS EN RECTO, DA EDIFICACIÓN SITA NA RÚA DE O PORTO Nº. 2, EN SOLO URBANO (ORDENANZA Nº. 1 DO P.X.O.U.).

EXPEDIENTE: 6.358/2015.- D. AQUILINO PEREIRA ÁLVAREZ, PARA REPARAR A CUBERTA NUNHA SUPERFICIE DE 60,00 M<sup>2</sup>. CONSISTENTE EN SUBSTITUIR A TELLA EXISTENTE POR OUTRA TELLA DO PAIS SOBRE A URALITA EXISTENTE TOTALMENTE



## CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

REMATADO DA EDIFICACIÓN SITA NA RÚA DE CIRCUNVALACIÓN Nº. 16, EN SOLO URBANO (ORDENANZA Nº. 1 DO P.X.O.U.).

EXPEDIENTE: 6.053/2015.- D. RAFAEL ALONSO OTERO, PARA REPARAR A CUBERTA DA VIVENDA UNIFAMILIAR NUNHA SUPERFICIE DE 180,00 M<sup>2</sup>. CONSISTENTE EN RETIRAR A TELLA EN MAL ESTADO POR OUTRA, SITA NA RÚA DE JOSÉ MARÍA SESTO Nº. 84, EN SOLO NON URBANIZABLE DE NÚCLEO RURAL DE "CACHADAS" DA PARROQUIA DE SALCIDOS (ORDENANZA Nº. 9 DO P.X.O.U.).

EXPEDIENTE: 5.520/2014. D<sup>a</sup>. MARÍA ALONSO VILAR, PARA REPARAR A CUBERTA NUNHA SUPERFICIE DE 33,89 M<sup>2</sup>. CONSISTENTE EN SUBSTITUIR A TELLA ACTUAL POR TELLA NOVA DO PAIS SUXEITA CON GANCHOS E PEGADAS NOS ALEIROS CON MORTERO, E PICADO DE PLAQUETA DA FACHADA PARA POSTERIOR COLOCACIÓN DE AISLAMENTO CON MORTERO TIPO COTETERM NUNHA SUPERFICIE DE 46,14 M<sup>2</sup>., DA EDIFICACIÓN SITA NA RÚA DE CONCEPCIÓN ARENAL Nº. 6, EN SOLO URBANO (ORDENANZA Nº. 1 DO P.X.O.U.).

EXPEDIENTE: 222/2015.- D<sup>a</sup>. MARÍA ALONSO VILAR, PARA AUMENTO DA SUPERFICIE DO CUARTO DE BAÑO DO ANDAR BAIXO PARA MELLORAR A SÚA ACCESIBILIDADE, UNIÓN DE HABITACIÓNS NA PLANTA SUPERIOR, ASI COMO DOTACIÓN DE NOVOS ACABADOS E AISLAMENTOS NA VIVENDA" DA EDIFICACIÓN SITA NA RÚA DE CONCEPCIÓN ARENAL Nº. 6-1º, EN SOLO URBANO (ORDENANZA Nº. 1 DO P.X.O.U.).

EXPEDIENTE: 4.245/2015.- PROMOCIONES LIMAGUARDA, S.L., PARA ADECUACIÓN PARA INSTALACIÓN DE PLANCHA DE COCIÑA NAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS DO LOCAL 2X2 PADEL A GUARDA" SITA NA RÚA DE CACHADAS Nº. 5, EN SOLO URBANO INDUSTRIAL (ORDENANZA Nº. 6 DO P.X.O.U.).

### **PUNTO 2.- LICENZAS DE OBRAS**

---

#### **EXPEDIENTE NÚMERO: 4.744/2015.**

Examinada a documentación presentada con data 20-07-2015 (R.E. nº. 4.744), por **UNIÓN FENOSA DISTRIBUCIÓN, S.A.** con C.I.F. nº. A-63.222.533 e con domicilio na rúa de Travesía de Vigo nº. 204 de Vigo-C.P. 36207, para licenza de obras de "SUBSTITUCIÓN DUN APOIO EXISTENTE POR UN HV9/630 E O CABLEADO DO VANO DO MESMO, E REALIZACIÓN DUNHA CANALIZACIÓN DE 11,00 M.L. DENDE O APOIO, PARA INSTALAR REDE DE BAIXA TENSIÓN PARA SUMINISTRO ELÉCTRICO DE 5,75 KW. A VIVENDA UNIFAMILIAR", sito na rúa de Diego Antonio González, s/n. (parcela nº. 334 do polígono nº. 20), en Solo Non Urbanizable de Núcleo Rural de "San Roque" da Parroquia de Salcidos (Ordenanza nº. 9 do P.X.O.U.).

**PRIMEIRO.-** Visto o informe técnico suscrito polo arquitecto municipal de data 08-10-2015 considerase **favorable**, nos términos de autorización da Axencia Galega de Infraestructuras de data 22.06.15.



## CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

**SEGUNDO.-** Visto a conformidade do asesor xurídico de data 15-10-2015, quen indica que non se observa na solicitude en cuestión, dende o punto de vista xurídico-procedimental, ningún inconveniente para a súa concesión, polo que se informa **favorablemente**.

Con base en ditos antecedentes, a Xunta de Goberno Local **RESOLVE:**

**CONCEDER**, salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo do de terceiros, a **UNIÓN FENOSA DISTRIBUCIÓN, S.A.**, licenza para "SUBSTITUCIÓN DUN APOIO EXISTENTE POR UN HV9/630 E O CABLEADO DO VANO DO MESMO, E REALIZACIÓN DUNHA CANALIZACIÓN DE 11,00 M.L. DENDE O APOIO, PARA INSTALAR REDE DE BAIXA TENSIÓN PARA SUMINISTRO ELÉCTRICO DE 5,75 KW. A VIVENDA UNIFAMILIAR", sito na rúa de Diego Antonio González, s/n. (parcela nº. 334 do polígono nº. 20), de acordo co proxecto técnico presentado obrante no expediente de referencia, que deberá axustarse as condicións sinaladas no informe técnico e xurídico.

O prazo para iniciar as obras non poderá exceder de seis meses e o de terminación de tres anos, dende o día seguinte a data de notificación da licenza, non podendo interromperse as obras por tempo superior a seis meses.

Se poderá conceder prórroga dos referidos prazos da licenza por unha soa vez e por un novo prazo non superior ó inicialmente acordado, logo da solicitude expresa formulada antes da conclusión dos prazos determinados e sempre que a licenza sexa conforme coa ordenación urbanística vixente no momeno de concesión da prórroga (art. 197.1 da LOUGA).

Será declarada a caducidade das licenzas, logo do procedemento instruído con audiencia do interesado, polo transcurso dos seguintes prazos (art. 197.1 da LOUGA):

- Cando non se tivesen iniciado as obras amparadas por esta licenza no prazo de seis (6) meses dende o día seguinte ao da notificación do seu outorgamento.
- Cando non se cumprise o prazo de terminación das obras de tres (3) anos dende o seu inicio.
- Cando a obra fose interrompida durante un periodo superior a seis (6) meses.
- Estes prazos poderán prorrogarse segundo o establecido no art. 197 da LOUGA.

### **TERCEIRO.- ADVERTENCIAS:**

As obras teranse que realizar de conformidade co disposto nos artigos 2.5.12 (condicións das obras en relación coas vías públicas) e 2.5.14 (valado das obras) recollidos no vixente Plan Xeral de Ordenación Urbana.

Deberá de adoptar de xeito inmediato as medidas necesarias para garantir a seguridade das persoas, dos predios colindantes e da vía pública.



## CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

É requisito e indispensable en todas as obras dispor, ó pé de obra, de copia autorizada da licenza municipal e, nas maiores, a colocación do cartel indicador de 1,20 x 0,85 mts. no que se faga constar o nome e os apelidos dos técnicos directores e do contratista, ordenanza que se aplica, usos os que se vai a destina-la construción, o número de plantas autorizadas, o prazo de execución das obras, a data de outorgamento e número da licenza.

As obras autorizadas realizaranse por empresa de construción que posúa o correspondente documento de cualificación empresarial.

### **EXPEDIENTE NÚMERO: 5.092/2015.**

Examinada a documentación presentada con data 04-08-2015 (R.E. nº. 5.092), por **UFINET TELECOM, S.L.U.** con C.I.F. nº. A-61.648.069 e con domicilio na Avda. de Arteixo nº. 171 de A Coruña-C.P. 15007, para licenza de obras de "CALICATAS, ARQUETA E CANALIZACIÓN DE 19 M.L. PARA TENDIDO DE CABLE DE FIBRA ÓPTICA", sito na Avda. de Santo Domingo de Guzmán e rúa de República Dominicana (PO-353) cruce coa rúa de Mariano Ordoñez, en Solo Urbano.

**PRIMEIRO.-** Visto o informe técnico suscrito polo arquitecto municipal de data 27-10-2015 considerase **favorable**, conforme a documentación con data 26.10.15 e R.E. nº. 7.012.

**SEGUNDO.-** Visto o informe xurídico suscrito polo asesor xurídico de data 28-10-2015, quen indica que non se observa na solicitude en cuestión, dende o punto de vista xurídico-procedimental, ningún inconveniente para a súa concesión, polo que se informa **favorablemente**.

Con base en ditos antecedentes, a Xunta de Goberno Local **RESOLVE:**

**CONCEDER**, salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo do de terceiros, a **UFINET TELECOM, S.L.U.**, licenza de obras para "CALICATAS, ARQUETA E CANALIZACIÓN DE 19 M.L. PARA TENDIDO DE CABLE DE FIBRA ÓPTICA", sito na Avda. de Santo Domingo de Guzmán e rúa de República Dominicana (PO-353) cruce coa rúa de Mariano Ordoñez, de acordo co proxecto técnico presentado obrante no expediente de referencia, que deberá axustarse as condicións sinaladas no informe técnico e xurídico.

O prazo para iniciar as obras non poderá exceder de seis meses e o de terminación de tres anos, dende o día seguinte a data de notificación da licenza, non podendo interromperse as obras por tempo superior a seis meses.

Se poderá conceder prórroga dos referidos prazos da licenza por unha soa vez e por un novo prazo non superior ó inicialmente acordado, logo da solicitude expresa formulada antes da conclusión dos prazos determinados e sempre que a licenza sexa conforme coa ordenación urbanística vixente no momento de concesión da prórroga (art. 197.1 da LOUGA).



## CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

Será declarada a caducidade das licenzas, logo do procedemento instruído con audiencia do interesado, polo transcurso dos seguintes prazos (art. 197.1 da LOUGA):

- Cando non se tivesen iniciado as obras amparadas por esta licenza no prazo de seis (6) meses dende o día seguinte ao da notificación do seu outorgamento.
- Cando non se cumprise o prazo de terminación das obras de tres (3) anos dende o seu inicio.
- Cando a obra fose interrompida durante un período superior a seis (6) meses.
- Estes prazos poderán prorrogarse segundo o establecido no art. 197 da LOUGA.

### **TERCEIRO.- ADVERTENCIAS:**

As obras teranse que realizar de conformidade co disposto nos artigos 2.5.12 (condicións das obras en relación coas vías públicas) e 2.5.14 (valado das obras recollidos no vixente Plan Xeral de Ordenación Urbana).

Deberá de adoptar de xeito inmediato as medidas necesarias para garantir a seguridade das persoas, dos predios colindantes e da vía pública.

É requisito e indispensable en todas as obras dispor, ó pé de obra, de copia autorizada da licenza municipal e, nas maiores, a colocación do cartel indicador de 1,20 x 0,85 mts. no que se faga constar o nome e os apelidos dos técnicos directores e do contratista, ordenanza que se aplica, usos os que se vai a destinala construción, o número de plantas autorizadas, o prazo de execución das obras, a data de outorgamento e número da licenza.

As obras autorizadas realizaranse por empresa de construción que posúa o correspondente documento de cualificación empresarial.

### **EXPEDIENTE NÚMERO: 519/2015.**

Examinada a solicitude de licenza de obras presentada con data 27-01-2015 (R.E. nº. 519), por **TELEFÓNICA DE ESPAÑA, S.A.U.** con C.I.F. nº. A-82018474 e con domicilio na rúa de Urzaiz nº. 131-133, 4ª planta de Vigo-C.P. 36205, para "CANALIZACIÓN SOTERRADA DE 5 M.L. EN BEIRARRÚA DE 2 CONDUCTOS DE PVC DE 110 MM. DE DIÁMETRO PARA CONEXIÓN ARQUETA 7802 A ALTURA DO Nº. 54 DA RÚA DE CONCEPCIÓN ARENAL" e "SUBIR COLO E TAPA DE REXISTRO A NIVEL DE RÚA ENTRE MARIANO ORDOÑEZ E GALICIA", en Solo Urbano.

**PRIMEIRO.-** Visto o informe técnico suscrito polo arquitecto técnico municipal de data 12-11-2015, considérase **favorable** á concesión da licenza municipal.



## CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

**SEGUNDO.-** Visto o informe xurídico de data 16-09-2014, quen indica que non se observa na solicitude en cuestión, dende o punto de vista xurídico-procedimental, ningún inconveniente para a súa concesión, polo que se informa **favorablemente**, previa subsanación do defecto de representación, imponendo os condicionantes establecidos nos informes técnicos e xurídico, así como os xerais establecidos na lexislación urbanística respecto os prazos de execución das obras, con expresión dos recursos procedentes a entablar contra dito acto administrativo.

**TERCEIRO.-** Conta coa conformidade do asesor xurídico de data 19-11-2015.

Con base en ditos antecedentes, a Xunta de Goberno Local **RESOLVE:**

**CONCEDER**, salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo do de terceiros, a **TELFÓNICA DE ESPAÑA, S.A.U.**, licenza de obras para "CANALIZACIÓN SOTERRADA DE 5 M.L. EN BEIRARRÚA DE 2 CONDUCTOS DE PVC DE 110 MM. DE DIÁMETRO PARA CONEXIÓN ARQUETA 7802 A ALTURA DO Nº. 54 DA RÚA DE CONCEPCIÓN ARENAL" e "SUBIR COLO E TAPA DE REXISTRO A NIVEL DE RÚA ENTRE MARIANO ORDOÑEZ E GALICIA", en Solo Urbano, de acordo co proxecto técnico presentado obrante no expediente de referencia, que deberá axustarse as condicións sinaladas no informe técnico e xurídico.

O prazo para iniciar as obras non poderá exceder de seis meses e o de terminación de tres anos, dende o día seguinte a data de notificación da licenza, non podendo interromperse as obras por tempo superior a seis meses.

Se poderá conceder prórroga dos referidos prazos da licenza por unha soa vez e por un novo prazo non superior ó inicialmente acordado, logo da solicitude expresa formulada antes da conclusión dos prazos determinados e sempre que a licenza sexa conforme coa ordenación urbanística vixente no momento de concesión da prórroga (art. 197.1 da LOUGA).

Será declarada a caducidade das licenzas, logo do procedemento instruído con audiencia do interesado, polo transcurso dos seguintes prazos (art. 197.1 da LOUGA):

- Cando non se tivesen iniciado as obras amparadas por esta licenza no prazo de seis (6) meses dende o día seguinte ao da notificación do seu outorgamento.
- Cando non se cumprise o prazo de terminación das obras de tres (3) anos dende o seu inicio.
- Cando a obra fose interrompida durante un período superior a seis (6) meses.
- Estes prazos poderán prorrogarse segundo o establecido no art. 197 da LOUGA.

### **CUARTO.- ADVERTENCIAS:**

As obras teranse que realizar de conformidade co disposto nos artigos 2.5.12 (condicións das obras en relación coas vías públicas) e 2.5.14 (valado das obras) recollidos no vixente Plan Xeral de Ordenación Urbana.



## CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

Deberá de adoptar de xeito inmediato as medidas necesarias para garantir a seguridade das persoas, dos predios colindantes e da vía pública.

É requisito e indispensable en todas as obras dispor, ó pé de obra, de copia autorizada da licenza municipal e, nas maiores, a colocación do cartel indicador de 1,20 x 0,85 mts. no que se faga constar o nome e os apelidos dos técnicos directores e do contratista, ordenanza que se aplica, usos os que se vai a destina-la construción, o número de plantas autorizadas, o prazo de execución das obras, a data de outorgamento e número da licenza.

As obras autorizadas realizaranse por empresa de construción que posúa o correspondente documento de cualificación empresarial.

### **PUNTO 3.- OBRAS MAIORES**

---

A Xunta de Goberno Local da conta das seguintes comunicacións previas de obras maiores:

EXPEDIENTE: 3.323/2015.- D. JOSÉ SANTIAGO RODRÍGUEZ BAZ, PARA "INSTALACIÓN DUN ASCENSOR" EN EDIFICIO DE VIVENDAS DESARROLLADO EN (PLANTA BAIXA, PLANTA PRIMEIRA, PLANTA SEGUNDA, PLANTA TERCEIRA E PLANTA DE BAIXO CUBERTA) SITO NA AVDA. DE FERNÁNDEZ ALBOR Nº. 5, EN SOLO URBANO (ORDENANZA Nº. 3 [P.E.R.I. Nº. 8] DO P.X.O.U.) "*EDIFICACIÓN MIXTA*".

EXPEDIENTE: 4.030/2015. D. AMÉRICO GÓMEZ RODRÍGUEZ, PARA CONSTRUCCIÓN DE "VIVENDA UNIFAMILIAR" DESARROLLADA EN (PLANTA BAIXA) SITA NA RÚA DE POZÁS, S/N., EN SOLO NON URBANIZABLE DE NÚCLEO RURAL DE "A GÁNDARA" DA PARROQUIA DE SALCIDOS (ORDENANZA Nº. 9 DO P.X.O.U.).

EXPEDIENTE: 6.041/2015.- D. ANTOLIN PÉREZ ALONSO, PARA "ADICIÓN DE BAIXO CUBERTA PARA CUBRICIÓN DE EDIFICACIÓN EXISTENTE DE VIVENDA UNIFAMILIAR" DESARROLLADA EN (PLANTA BAIXA E PLANTA PRIMEIRA) SITA NA RÚA DE OLIVA Nº. 72, EN SOLO URBANO (ORDENANZA Nº. 1 DO P.X.O.U.) "*EDIFICACIÓN EN BLOQUE CERRADO*".

EXPEDIENTE: 6.599/2014.- D. DIEGO GONZÁLEZ BAZ, PARA "LEGALIZACIÓN DE DEMOLICIÓN PARCIAL DE VIVENDA UNIFAMILIAR" DESARROLLADA EN (PLANTA BAIXA, PLANTA PRIMEIRA, PLANTA SEGUNDA E PLANTA DE BAIXO CUBERTA) SITA NA RÚA DE MALTESES Nº. 84, EN SOLO URBANO (ORDENANZA Nº. 5 DO P.X.O.U.) "*EDIFICACIÓN EN ZONAS DO NÚCLEO ANTIGO*".





## CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

EXPEDIENTE: 6.872/2015.- D. JOSÉ LUIS GIL VICENTE, PARA "SUBSTITUCIÓN DE CUBERTA DE VIVENDA UNIFAMILIAR" DESARROLLADA EN (PLANTA BAIXA, PLANTA PRIMEIRA E PLANTA BAIXO CUBERTA) SITA NA RÚA DE LADA-BUXÁN Nº. 15, EN SOLO URBANO DE NÚCLEO RURAL DE "CIVIDÁNS" DA PARROQUIA DE SALCIDOS (ORDENANZA Nº. 7 DO P.X.O.U.).

EXPEDIENTE: 1.531/2015.- D<sup>a</sup>. ISABEL URGAL DOMINGUEZ, PARA "ACONDICIONAMENTO E MEMORIA DE ACTIVIDADE PARA XARDIN DE RECREO" DESARROLLADO EN (PLANTA BAIXA), E "PROXECTO DE DEMOLICIÓN PARCIAL E AMPLIACIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR" SITO NA RÚA DE GALICIA Nº. 34, EN SOLO URBANO (ORDENANZA Nº. 1 DO P.X.O.U.) "EDIFICACIÓN EN BLOQUE CERRADO".

### **PUNTO 4.- SEGREGACIÓN DE PARCELA**

---

Pásase a dar conta da solicitude con rexistro de entrada co núm. 6.112 de data 15 de setembro de 2015, a instancia de **D. JUAN SILVA PERUJO** e con domicilio na rúa de Redondiña nº. 2 de A Guarda-C.P. 36789, quen presenta proxecto técnico redactado polo arquitecto técnico D. Bartolomé González Carrera para "**SEGREGACIÓN E AGRUPACIÓN DE PARCELAS**", sitas na rúa de Redondiña nº. 2.

#### **INFORMES:**

##### **INFORME TÉCNICO 08-10-2015:**

D. Antonio Hernández Crespo como arquitecto municipal do Concello de A Guarda e en relación a petición de licenzia para "SEGREGACIÓN DE PARCELAS", sitas na rúa de Redondiña nº. 2, teño a ben emiti-lo seguinte INFORME:

#### **1.- ANTECEDENTES:**

1.1.- Con data 22.05.15 a Xunta de Goberno Local autoriza a agrupación e segregación solicitada con data 02.02.15 para as mesmas parcelas.

1.2.- Con data 15.09.15 se solicita una **nova segregación** e agrupación que só afecta as parcelas denominadas A e B no proxecto presentado.

#### **2.- DOCUMENTOS APORTADOS:**

2.1.- Proxecto técnico de segregación de parcelas a nome de Juan Silva Perujo, redactado polo arquitecto técnico D. Bartolomé González Carrera.

2.2.- Se considera incorporada a este novo expediente a documentación de titularidade das parcelas obrante no expediente de agrupación e segregación que obtivo autorización municipal.



## CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

### 3.- INFORME TÉCNICO:

3.1.- O Concello de A Guarda ten P.X.O.U. con aprobación definitiva do 29.07.93 e M.P. do 27.12.96.

3.2.- As parcelas orixinais figuran no catastro como tres parcelas independentes coas seguintes referencias catastrais.

- 36023A007060010000UY (Parcela A)
- 36023A007060020000UG (parcela B)
- 36023A007060030000UQ (parcela C)

3.3.- Non existe variación ningunha sobre as parcelas existentes con anterioridade a primeira autorización de agrupación e segregación inicialmente concedida.

3.4.- As tres parcelas están clasificadas como solo de núcleo Rural e cualificada coa ordenanza nº. 9 de Solo non Urbanizable de Núcleo Rural.

3.5.- Dentro do ámbito da parcela 36023A007060010000UY, (parcela A) existe unha edificación destinada a vivenda unifamiliar e unha edificación auxiliar. Construída sobre o linde entre a parcela A e a parcela B existe outra edificación de vivenda unifamiliar.

3.6.- O obxectivo do proxecto presentado e segregar parte da parcela A para agrupala á parcela B, de xeito tal que a edificación existente entre as dúas parcelas catastrais quede integramente situada dentro da parcela B. A parcela C non se modifica.

3.7.- Nas parcelas de resultado axustadas modifícanse a superficie e as dimensións de cada parcela e mantendo a súa configuración formal e os lindes das parcelas orixinais.

3.8.- O proxecto xustifica o cumprimento das condicións de edificabilidade, ocupación e retranqueos ós lindes das edificacións existentes en relación coas parcelas de resultado.

3.9.- **As parcelas iniciais** son as seguintes:

Estado actual.

Actualmente, as superficies e lindes das parcelas son as seguintes:

**Parcela A : 1.138 m<sup>2</sup>.**

**Propiedade: D. Juan Silva Perujo**

Norte : Parcela B de M<sup>a</sup>. Nieves Silva González

Sur : Rúa de Redondiña

Leste : Parcela B de M<sup>a</sup>. Nieves Silva González

Oeste : Teodora Santiago Santiago e María Sobrino Giráldez

**Parcela B : 862 m<sup>2</sup>.**

**Propiedade: D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup>. Nieves Silva González**

Norte : Parcela C de Juan Silva Perujo

Sur : Rúa de Redondiña e Parcela A

Leste : Parcela C de Juan Silva Perujo

Oeste : Teodora Santiago Santiago e María Sobrino Giráldez



## CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

**Parcela C : 950 m<sup>2</sup>.**

**Propiedade: D. Juan Silva Perujo**

Norte : Herederos de Agustin Pérez González

Sur : Rúa de Redondiña e Parcela B de M<sup>a</sup>. Nieves Silva González

Leste : Rosa Pereira Santiago

Oeste : Parcela B, Teodora Santiago e María Sobrino Giráldez

3.10.- **As parcelas de resultado** da segregación e agrupación serán as seguintes:

**Parcela A : 895 m<sup>2</sup>.**

**Propiedade: D. Juan Silva Perujo**

Norte : Parcela B de M<sup>a</sup>. Nieves Silva González

Sur : Rúa de Redondiña

Leste : Parcela B de M<sup>a</sup>. Nieves Silva González

Oeste : Teodora Santiago Santiago e María Sobrino Giráldez

**Parcela B : 1.105 m<sup>2</sup>.**

**Propiedade: D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup>. Nieves Silva González**

Norte : Parcela C de Juan Silva Perujo

Sur : Rúa de Redondiña e Parcela A

Leste : Parcela C de Juan Silva Perujo

Oeste : Teodora Santiago Santiago e María Sobrino Giráldez

**Parcela C : 950 m<sup>2</sup>.**

**Propiedade: D. Juan Silva Perujo**

Norte : Herederos de Agustin Pérez González

Sur : Rúa de Redondiña e Parcela B de M<sup>a</sup>. Nieves Silva González

Leste : Rosa Pereira Santiago

Oeste : Parcela B, Teodora Santiago e María Sobrino Giráldez

3.11.- Tendo en conta as condicións de edificabilidade, retranqueo e parcela mínima, **a segregación e agrupación que se autoricen deberán executarse con carácter simultáneo.**

3.12.- A segregación e agrupación proposta cumpre coas indicación sinaladas no apartado 2.3.7 das normas urbanísticas do PXOU e cos artigos 204 e 205 da lei 9/2002.

#### 4.- CONCLUSIÓN:

4.1.- Por todo o expresado anteriormente o informe técnico emitido considerase **favorable á proposta presentada sempre que a segregación e agrupación que se autoricen se realicen con carácter simultáneo.**

4.2.- A autorización de segregación non implica en ningún caso autorización de edificación u obra de ningún tipo.

4.3.- Sen prexuízo do citado anteriormente a Comisión de Urbanismo co seu criterio superior decidirá.



## CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

### INFORME XURÍDICO 15-10-2015:

Conta co informe xurídico subscrito polo asesor xurídico D. Carlos Potel Alvarells, quen indica que non se observa na solicitude obxecto do presente informe ningún inconvincente para a súa concesión dende o punto de vista xurídico-procedimental, polo cal infórmase **favorablemente** a licencia, polo que formulase ó órgano competente a seguinte PROPOSTA:

**1º.-** Concede-la licenica municipal de parcelación a favor de D. Juan Silva Perujo, debendo indicarse que en ningún caso autoriza dita licencia a edificar, e sempre e cando tal licencia se condicione a súa eficacia o cumprimento dos seguintes condicionantes:

Proceder simultaneamente á agrupación da parcela segregada á parcela B, mediante o outorgamento da correspondente escritura de agrupación e segregación, na que se reflexe a cabida das parcelas resultantes de acordo co proxecto presentado para obter licencia, esto é a documentación presentada no Concello de A Guarda o 15-09-2015, as cales se detallan no informe do Arquitecto municipal de data 08-10-2015.

Que se renuncie á licencia de segregación e agrupación concedida ó mesmo interesado con data 22-05-2015.

**Tales condicións deben recollese expresamente no texto da licencia, advertindo o titular da mesma que a licencia non terá eficacia algunha sen o cumprimento das mesmas.**

### INFORME COMISIÓN DE URBANISMO: 04.11.2015.

Conta con informe **favorable**.

**A Xunta de Goberno Local, vista a documentación aportada polo solicitante, así como os informes realizados polo Arquitecto Municipal e do asesor xurídico, acorda acceder á agrupación e segregación de ditas parcelas nos termos sinalados.**

## PUNTO 5.- COMUNICACIÓN PREVIA LICENCIAS DE APERTURA

---

### Exp. Nº 3.158/2015 de data 19.05.2015.-

Vista a comunicación previa feita por D. ELOY RODRIGUEZ LORENZO, en representación de GRUPO CROMATA, S.L., con enderezo na rúa Baiona, nº 9-local B de A Guarda, para inicio de actividade de COMERCIO MAIOR DE PRODUTOS DE PERFUMERÍA. DROGUERÍA (Epíg. 614.2) no local sito na rúa Baiona, nº 9-baixo B da Guarda, e visto o informe favorable de data 13 de novembro de 2015 dos servizos técnicos municipais, a XUNTA DE GOBERNO LOCAL ACORDA:



## CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

Conceder a GRUPO CROMATA, S.L. licenza municipal nº 29/2015 para a apertura dun local dedicado á actividade de COMERCIO MAIOR PRODUTOS DE PERFUMERÍA, DROGUERÍA (Epíg. 614.2) situado na rúa de Baiona, nº 9- Baixo B.

### **PUNTO 6.- DAR CONTA DAS COMUNICACIÓNS PREVIAS DE CAMBIO DE TITULARIDADE DE ACTIVIDADES.**

---

A Xunta de Goberno Local da conta das seguintes comunicacións previas de cambio de titularidade de actividade:

EXPEDIENTE: 4.704/2015. LOGÍSTICA Y DISTRIBUCIÓN BUGUS, S.L. DE CAMBIO DE TITULARIDADE DA ACTIVIDADE DE CAFETERÍA [EPIG. 672.3] A REALIZAR NA RÚA MANUEL ALVAREZ, Nº 2-BAIXO QUE ANTES FIGURABA A NOME DE ALVAREZ GONZALEZ, C.B.

EXPEDIENTE: 7.172/2015. D<sup>a</sup>. MARIA VICTORIA ROSALES FERNANDEZ DE CAMBIO DE TITULARIDADE DA ACTIVIDADE DE OUTRAS ACTIVIDADES DE ENSINANZA [EPIG. 933.9] A REALIZAR NA RÚA CONCEPCIÓN ARENAL, Nº 44-BAIXO QUE ANTES FIGURABA A NOME DE AWARD, C.B.

EXPEDIENTE: 7.366/2015. D<sup>a</sup>. TAMARA PEREIRA RIVEIRO DE CAMBIO DE TITULARIDADE DA ACTIVIDADE DE CAFETERÍA [EPIG. 672.3] A REALIZAR NA RÚA GALICIA, Nº 42-BAIXO QUE ANTES FIGURABA A NOME DE D. JOSÉ ANTONIO OLMEDO GRANJA.

### **PUNTO 7.- INSTANCIAS**

---

Lese o escrito RE 7.689 de data 26 de novembro de 2015, presentado por D. JORGE ALONSO FAJAR, con enderezo na rúa 1<sup>a</sup> Transv. Rúa Brasil, nº 1-baixo da Guarda, solicitando o cambio de denominación social da licenza de actividade que se desenvolve no local sito na rúa 1<sup>a</sup> transv. Brasil, nº 1-baixo pasando a denominarse CENTRO FAJAR (anteriormente FAJAR-CENTRO DE MASAXES).

A Xunta de Goberno Local acorda acceder ó solicitado.

*Sendo as catorce horas o sr. presidente levanta a sesión da que eu como secretario dou fe.*